



### REINTEGRO DE GASTOS DE ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN



No [DOG nº 246](#), do 26 de decembro de 2006, publícase a orde do 19 de decembro pola que se regula o procedemento para o reintegro de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario.

### PREMIOS Á INNOVACIÓN EDUCATIVA SOBRE TRANSVERSAIS

No mes de decembro resolvéronse os Premios á innovación educativa sobre os temas transversais que foran convocados pola Orde do 28 de agosto de 2006 (DOG do 13 de setembro). Pódese acceder á listaxe de premiados no [DOG nº 247](#), do 27 de decembro de 2006.



### PREMIOS A PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN VALORES



O 22 de decembro resolvéronse os Premios a proxectos de innovación educativa en valores democráticos no marco do Plan Valora para o presente curso .

Pode ver á listaxe de premiados no [DOG nº 247](#). Os premios foran convocados ao abeiro da Orde do 28 de setembro de 2006.

### O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA PROXECTA UNHA ROLDA DE ENCONTROS QUE FOMENTARÁ A PARTICIPACIÓN DE TODA A COMUNIDADE ESCOLAR.

O Consello Escolar de Galicia ten previsto uns encontros cos membros dos consellos escolares dos centros de ensino non universitario. A finalidade será abrir una porta de diálogo sobre as necesidades e dificultades que se atopan no desempeño das súas tarefas e a relación cos órganos de participación e goberno dos centros.

[Ler máis.](#)

### CONCURSO AUDIOVISUAL PARA ESCOLARES GALEGOS "OLLO DE VIDRO".



A fundación ÉRGUETE-INTEGRACIÓN convoca un certame audiovisual, para escolares de centros públicos, privados e concertados de toda Galicia. A temática xirará en torno á **Emigración Galega e o Retorno**, o obxectivo é a sensibilización da poboación escolar galega sobre o fenómeno migratorio. Máis información no teléfono 986 25 31 76

Portal Galego de  
Contidos Educativos

<http://www.edu.xunta.es/contidos>

Plan Valora

<http://www.edu.xunta.es/valora>